



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 275Y 185A 0G2Y 1L3J 0CV7	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE180OYG		
Número/Año	32344/2024		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	MIAO		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	5 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	26/04/2024 13:13:41		
Fecha Captura	26/04/2024 13:13		
Valor CSV	275Y 185A 0G2Y 1L3J 0CV7		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da/o seu/súa concelleira/o David Soto Diaz, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción sobre propostas de acción do barrio de Novo Mesoiro**,

Exposición de motivos

Dende o BNG da Coruña queremos impulsar esta moción sobre o barrio de Novo Mesoiro, pois consideramos que é necesario dar un impulso a varias actuacións que lle afectan, algunhas das cales, ou ben xa foron acordadas nos orzamentos municipais de 2024, ou ben foron votados pola veciñanza nos anteriores orzamentos participativos, ou ben foron traídas a este Pleno como rogos ou preguntas escritas. Porén, en todos estes casos, consideramos que non se lles tén prestado a necesaria atención por parte do goberno municipal.

1. A implantación dun Instituto de Educación Secundaria no barrio

Novo Mesoiro é un barrio de 9.000 habitantes, boa parte dos cales está en idade escolar. Ademais, o barrio está separado da cidade e os institutos máis pretos están a 5 quilómetros de distancia. A isto únese unha pésima conexión por transporte público e a desorganización por parte da consellería de educación, que obriga a que a veciñanza teña que negociar cada ano a acollida, no IES da Sardiñeira, do alumnado procedente do barrio que comeza os estudos secundarios.

A veciñanza, cansa xa desta situación, leva meses recollendo sinaturas para a construción dun Instituto de Educación Secundaria no barrio. Quen impulsan esta recollida de sinaturas, entenden que este IES permitiría prestar un mellor servizo ao alumnado do barrio, á vez que eliminaría moitos dos problemas reiterados que se dan na xestión do servizo por parte da Xunta. Ata o de agora, conseguíuse a implicación do barrio na recollida de sinaturas, que conta coa apoio de todas as ANPAS dos centros do barrio, así como de moitos comercios e asociacións.

Dende o BNG da Coruña entendemos que garantir o dereito á educación pasa por garantir a facilidade de acceso ao devandito dereito e que, por iso, faise necesario remover os obstáculos que existen a día de hoxe, en forma de eivas burocráticas e problemas de desprazamento. Ninguén debe soportar unha carga extraordinaria para poder acceder ao dereito á educación.

Sabemos que as competencias nesta área non corresponden ao Concello da Coruña, senón á Xunta de Galiza. Con todo, consideramos que este goberno municipal debe tomarse en serio esta problemática que afecta a gran cantidade de veciños e veciñas e negociar coa Xunta a implantación dun IES que preste servizo á mocidade de Novo Mesoiro e dos barrios adxacentes. Por iso reiteramos nesta moción a proposta.

2. Implantación dunha biblioteca municipal

Nos últimos orzamentos negociados entre o goberno municipal e o grupo municipal do BNG, negociouse a inclusión dunha partida para comezar a desenvolver a implantación dunha biblioteca municipal no barrio. Ata agora, ven funcionando un pequeno punto de préstamo de fondos, cun éxito relevante, mais que resulta considerabelmente insuficiente se se ten en conta a poboación do barrio. As bibliotecas municipais serven como dinamizadores culturais dos barrios, pero tamén como zona de estudio e de lecer. Sendo todas estas funcións relevantes para a mocidade, e sendo Novo Mesoiro o barrio con maior proporción de xente moza e en idade infantil, a necesidade da biblioteca municipal faise aínda máis apremante.

Esta é unha das propostas polas que dende o BNG consideramos máis relevantes, pois está en liña co noso modelo de política cultural: próxima, aberta a todas e todos, punteira. Por iso solicitamos que se comecen canto antes os traballos necesarios para a implantación da biblioteca.

3. Parque para a mocidade

A construción dunha zona para o lecer da mocidade foi unha das propostas gañadoras dos últimos orzamentos participativos. Certamente, en Novo Mesoiro hai parques para cativos, aínda que só un para nenas e nenos de menos de 6 anos. Sexa como for, non hai na actualidade alternativas de lecer público para adolescentes. Do que se trata é de dar forma ao modelo de lecer que queremos para a mocidade da zona: se un que pase necesariamente polo desprazamento fóra do barrio e pola mercantilización do lecer, ou un que se poda levar a cabo no propio barrio, potenciando a ocupación do espazo público.

4. Mellora da frecuencia da liña 21 e novas conexións

Esta trátase dunha as queixas máis recorrentes por parte da veciñanza. Segundo o rexistro que manexa a asociación de veciños, cada mes se producen centos de

demoras sistemáticas, ás veces en hora punta, ocasionando grandes prexuízos ás persoas usuarias. A isto únese o feito de que non se reforzan as viaxes en horas puntas, co cal o bus moitas veces vai repleto nestes momentos do día.

Á súa vez, as e os traballadores da compañía de tranvías teñen referido que lles resulta moi estresante traballar nesa liña, xa que é moi complicado cumprir os tempos establecidos pola compañía e, ademais, deben xestionar as queixas das e dos usuarios.

Esta realidade vese acentuada polo feito de que esta é a única liña de acceso a Novo Mesoiro. As liñas 23 e 23A teñen paradas próximas á parte baixa do barrio, pero un percorrido moi similar á da liña 21, co cal non se soluciona o problema existente. A veciñanza considera que é necesario, ademais, conectar o barrio con servizos esenciais, como os hospitais, os centros de educación secundaria adscritos ou a universidade. Na actualidade, desprazarse en bus urbano dende Novo Mesoiro ata o Hospital Materno Infantil pode levar ao redor dunha hora, cun transbordo.

5. Acondicionamento e cambio de uso do chan do aparcadoiro da parte alta de Ribeira Sacra

Esta trátase dunha reivindicación histórica da veciñanza. A escaseza de prazas de aparcamento na parte alta do barrio é moi acentuada. Para aliviar este problema, acondicionouse un predio na rotonda alta das rúa Ribeira Sacra. Mais este aparcadoiro non está en chan urbanizábel, co cal nin existe seguridade xurídica sobre o seu uso futuro, nin estrían permitidas as obras para a reparación do seu deteriorado pavimento.

6. Reparación das fontes e varandas dos parques do barrio

Isto xa ten sido obxecto de rogos reiterados. Os problemas son diversos, pero traen unha única causa: o desleixo no mantemento do equipamento dos parques de Novo Mesoiro. Así, se algunha fonte leva perdendo auga ininterrompidamente dende outubro, segundo temos denunciado, outras fontes, próximas aos parques infantis, están fóra de funcionamento.

Este mesmo desleixo pode apreciarse nas varandas de madeira do parque norte da avenida Novo Mesoiro. Tamén isto ten sido obxecto de denuncia en rogos orais.

Aínda quedan varias cuestións por abordar. Algunhas teñen sido obxecto de iniciativas, outras serano. É o caso do estado das lastras da beirarrúa de Illas Sisargas, o alumeado do camiño do Geán, a garantía de permanencia da oficina de Correos, a extensión da vía ciclábel, a mellora na frecuencia e na execución dos labores de roza, entre outras.

É por isto que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos

1. Instar ao goberno local a esixir e negociar coa consellería de educación a implantación e posta en funcionamento dun instituto de educación secundaria que preste servizo á mocidade de Novo Mesoiro e dos barrios adxacentes.
2. Instar ao goberno local a comezar á maior brevidade os traballos necesarios para executar o compromiso orzamentario de dotar ao barrio de Novo Mesoiro cunha biblioteca municipal.
3. Instar ao goberno local a impulsar a construción, á maior brevidade posíbel, dun espazo de lecer para a mocidade no barrio de Novo Mesoiro, segundo foi aprobado nos orzamentos participativos de 2023.
4. Instar ao goberno municipal a mellorar o mapa de liñas de bus e a dotación da liña 21, de forma que se garanta unha mellor conexión de Novo Mesoiro co resto da cidade e se evite a actual acumulación reiterada de retrasos.
5. Instar ao goberno municipal a acondicionar e cambiar o uso do chan do aparcadoiro da parte alta de Ribeira Sacra.
6. Instar ao goberno municipal a reparar, á maior brevidade, as fontes dos parques de Novo Mesoiro, así como as varandas de madeira do parque norte da Avenida de Novo Mesoiro.

A Coruña, 26 de abril de 2024



David Soto Diaz



Concelleira/o do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO – A CORUÑA

Praza de Maria Pita 1. 15001, A Coruña. – Rúa Damas 4, baixo. Cidade Vella, 15001, A Coruña
✉ bngacoruna@bng.gal – bng@coruna.gal – bngacorunha@gmail.com ☎ 981 184 283 – 669 381 398
🌐 acorunha.bng.gal – Twitter @BNGACorunha – Facebook BngACorunha – Instagram bngacorunha